

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Facenda e Patrimonio

*ORD PPO4 subministro auga*

##### EDICTO

O Pleno do Concello de Ferrol, en sesión celebrada o día 27.06.2024, aprobou definitivamente a modificación da Ordenanza número 4 reguladora da Prestación patrimonial de carácter público non tributario correspondente ao subministración de auga potable, polo que, aos efectos do establecido no artigo 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o acordo de aprobación definitiva entrando en vigor cando transcorra o prazo de 15 días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de base de réxime local e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Contra o anterior acordo, elevado a definitivo, e de conformidade co previsto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente. O texto íntegro da ordenanza é o seguinte:

#### **ORDENANZA NÚMERO 4 REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE.**

##### **Artigo 1.-Fundamento e natureza.**

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 84.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e a disposición adicional primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, teñen o carácter de prestación patrimonial non tributaria os ingresos que derivan do servizo de subministración de auga potable.

##### **Artigo 2.-Nacemento da obriga de aboamento.**

Xorde a obriga de aboamento coa prestación da actividade de xestión da subministración de auga potable ás vivendas, locais e en xeral inmobles do termo municipal de Ferrol así como aqueles outros organismos que fosen abastecidos a través das outras redes de titularidade do Concello de Ferrol.

Non estarán suxeitos a esta prestación as fincas derruídas ou declaradas ruinosas.

##### **Artigo 3.-Obrigatoriedade de subministración.**

EMAFESA procederá ó subministración de auga potable con carácter obrigatorio para tódolos inmobles do termo municipal de Ferrol que teñan fachada ás rúas ou vías públicas nas que exista rede de distribución sempre que a distancia entre a rede e a edificación non exceda de quince metros e non sexa necesaria unha ampliación previa da rede de distribución a xuízo dos servizos técnicos.

##### **Artigo 4.-Obriga de pagamento.**

###### 1. Dereitos de trade e acometida á rede de distribución:

Nace a obriga de aboamento:

- Dende a data de emisión do presuposto de liquidación previo por instalación de acometida, se o obrigado ao pagamento o formulase expresamente.
- Dende que teña lugar a instalación efectiva da acometida á rede de abastecemento municipal no caso de que o propietario do inmovible non a solicitase previamente. Todo isto sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Cotas de subministración.-Nace a obriga de pagamento dende o momento de formalización da preceptiva póliza de aboamento do servizo de abastecemento de auga potable, que entenderase debe subscribirse na data de ocupación do inmovible polo usuario.

Caso contrario, a obriga nacerá dende esta última circunstancia.

#### Artigo 5.–Obrigados ao pagamento.

Teñen a condición de beneficiados dos servizos, as persoas físicas e xurídicas, así coma as comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou patrimonio separado que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo. En todo caso, o obrigado ao pagamento ante esta Administración serán os propietarios dos bens inmobles, aos que lles corresponde o resto das obrigas formais inherentes ao servizo, sen prexuízo da súa facultade de repetir contra o beneficiario do servizo, nos termos do ordenamento xurídico.

#### Artigo 6.–Responsables.

a) Responderán solidariamente das obrigas de pagamento as persoas físicas e xurídicas e as entidades referidas no parágrafo anterior, e na proporción na súa respectiva participación nas vivendas e locais. Igualmente, serán responsables solidariamente as que sucedan por calquera concepto na titularidade ou exercicio de explotacións ou actividades económicas, pola débeda contraída do anterior titular e derivada do seu exercicio.

b) Serán responsables subsidiarios os administradores de sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, que cesaran nas súas actividades, polas débedas devindicadas e que se atopen pendentes no momento do cesamento.

#### Artigo 7.–Base para o cálculo da débeda.

O cálculo da débeda pola subministración de auga potable, virá determinado en función do seu uso e actividade dos inmobles.

#### Artigo 8.–Tarifas.

##### 8.1) Cotas por dereitos de trade e acometida na rede de distribución:

Virá determinado por, e dunha soa vez pola cota que resulta de multiplicar 30,45 € polo número de vivendas e locais comerciais, industriais e profesionais radicados no inmovible.

##### 8.2) Cota de alta, colocación de contador e outros servizos específicos:

Cota de alta, incluída a colocación inicial do contador	30,45 €
Cota de alta, en caso de alugueiro de contador	5,62 €
Colocación do contador, agás en caso de alta	24,84 €
Instalación de precinto en caso de colocación de contador por particular	24,84 €
Instalación de precinto por rotura ou manipulación do mesmo	108,23 €
Segundas ou sucesivas citas por incomparecencia do abonado	24,84 €
Desprazamento con motivo de inspección de instalación a petición do abonado	24,84 €
Verificación por Emafesa de contador propiedade do abonado	48,78 €
Peche e apertura programada de chave de rexistro	34,19 €
Peche e apertura non programada de chave de rexistro	71,63 €
Peche e apertura de chave de rexistro fora de turno, fin de semana ou festivo	108,23 €
Inspección de batería de contadores	71,63 €
Anulación de derivacións e tomas ilegais	108,23 €
Realización de proba de comprobación de cloro	71,63 €

##### 8.3.) Tarifas de subministración:

Virá determinada pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo.

A cota de consumo será o produto do volume de auga consumida por contador por cada bimestre, expresada en metros cúbicos multiplicado polo prezo por metro cúbico correspondente ó tramo de consumo e ó grupo de actividade de que se traten:

##### 8.3) A.–Tarifas por actividades.

Interpretaranse os usos do seguinte xeito:

a) Usos domésticos en domicilios particulares: Enténdese por tales, tódalas aplicacións que se dan ao auga para atender as necesidades da vida e hixiene privada, como son: a bebida, a preparación de alimentos e a limpeza persoal doméstica. Inclúense as instalacións centralizadas de auga quente doméstica.

b) Usos comerciais e industriais: Enténdese por tales, os subministros prestados a instalacións e inmobles nos que se exerza calquera clase de comercio ou industria, actividades profesionais e redes interiores contra incendios. As tarifas para usos comerciais e industriais desglosaranse segundo as actividades descritas neste artigo. As concesións para estes usos levarán comprendida implicitamente outra concesión para os domésticos propios do establecemento ou vivenda en que se exerza a industria ou comercio. O concesionario virá obrigado a independizar as instalacións, e colocar contadores independentes.

c) Usos de obras: Enténdese por tales os subministros efectuados aos inmobles onde se realicen obras que teñan a consideración de maiores, permanecendo suxeita á tarifa sinalada en tanto non sexa obtida a correspondente licenza de primeira ocupación, apertura ou cambio de uso e sexa solicitado o referido cambio. Igualmente, aqueles usos en que o abonado se dispoña a realizar calquera tipo de urbanización, edificación ou obra e contrate auga con destino a ela, así como as subministración especialmente destinadas para estes fins.

TIPO DE TARIFA	Cota servizo €/mes	Bloques		Cota consumo €/m <sup>3</sup>
INDUSTRIAL 1	87,90	B1	de 1 a 6.000 m <sup>3</sup> /bimestre	0,5627
		B2	más de 6.000 m <sup>3</sup> /bimestre	0,9396
INDUSTRIAL 2	35,17	B1	de 1 a 1.000 m <sup>3</sup> /bimestre	0,5627
		B2	más de 1.000 m <sup>3</sup> /bimestre	0,9396
INDUSTRIAL 3	21,98	B1	de 1 a 100 m <sup>3</sup> /bimestre	0,5627
		B2	más de 100 m <sup>3</sup> /bimestre	0,9396
COMERCIAL	5,01	B1	de 1 a 5 m <sup>3</sup> /bimestre	0,2827
		B2	de 6 a 10 m <sup>3</sup> /bimestre	0,2976
		B3	de 11 a 15 m <sup>3</sup> /bimestre	0,3132
		B4	de 16 a 20 m <sup>3</sup> /bimestre	0,3297
		B5	de 21 a 25 m <sup>3</sup> /bimestre	0,4312
		B6	de 26 a 35 m <sup>3</sup> /bimestre	0,5638
		B7	de 36 a 45 m <sup>3</sup> /bimestre	0,7373
		B8	de 46 a 55 m <sup>3</sup> /bimestre	0,9642
		B9	de 56 a 70 m <sup>3</sup> /bimestre	1,2609
		B10	más de 70 m <sup>3</sup> /bimestre	1,6488
DOMÉSTICA	2,86	B1	de 1 a 5 m <sup>3</sup> /bimestre	0,2827
		B2	de 6 a 10 m <sup>3</sup> /bimestre	0,2976
		B3	de 11 a 15 m <sup>3</sup> /bimestre	0,3132
		B4	de 16 a 20 m <sup>3</sup> /bimestre	0,3297
		B5	de 21 a 25 m <sup>3</sup> /bimestre	0,4312
		B6	de 26 a 35 m <sup>3</sup> /bimestre	0,5638
		B7	de 36 a 45 m <sup>3</sup> /bimestre	0,7373
		B8	de 46 a 55 m <sup>3</sup> /bimestre	0,9642
		B9	de 56 a 70 m <sup>3</sup> /bimestre	1,2609
		B10	más de 70 m <sup>3</sup> /bimestre	1,6488
OBRAS EDIFICIOS	87,90	B1	de 1 a 40 m <sup>3</sup> /bimestre	0,5627
		B2	más de 40 m <sup>3</sup> /bimestre	0,9396
OBRAS UNIFAMILIARES	21,98	B1	de 1 a 40 m <sup>3</sup> /bimestre	0,5627
		B2	más de 40 m <sup>3</sup> /bimestre	0,9396
CONCELLOS		Prezo por m <sup>3</sup>		0,4400

As anteriores tarifas correspóndense co seguinte desglose por actividades:

- Tarifa industrial 1.– Inclúe, entre outras, as seguintes actividades: Autoridade Portuaria de Ferrol (Porto Interior e Porto Exterior), Residencias de pensionistas da S.S., hospitais, sanatorios, centrais leiteiras, fábricas de gasosas, plantas embotelladoras, establecementos hoteleiros de máis de 40 prazas, estaleiros, fábricas de pastas, industria de pedra y mármores, cetarias, colexios de máis de 25 unidades,...
- Tarifa industrial 2.– Inclúe, entre outras, as seguintes actividades: Salas de festas, matadoiros, establecementos hoteleiros de máis de 10 e ata 40 prazas, industrias, centros comerciais, discotecas, salas de xogo, fábricas de pan y fornos de pastelería, restaurantes, cafeterías, garaxes con lavado, lavanderías, colexios de 25 ou menos unidades...
- Tarifa industrial 3.– Inclúe, entre outras, as seguintes actividades: Establecementos hoteleiros de 10 ou menos prazas, cines, pubs, academias, galerías, marmorerías, ximnacios, talleres, garaxes de comunidades de veciños, salóns de beleza, bancos, centros oficiais, xulgados.
- Tarifa comercial.– Inclúe, entre outras, as seguintes actividades: Comercio en xeral, incluído o despacho de calquera tipo de comestible, entidades de seguros, centros recreativos y culturais, pequenas clínicas, psicotécnicos, videoclubs, garderías, igrejas, bares, tabernas, supermercados, salóns de peiteado, salóns de té, despachos profesionais.

- Tarifa doméstica.– Inclúe, entre outras, as seguintes actividades: vivendas, billas de comunidades, garaxes particulares, caldeiras.
- Tarifa obras (edificios).– Inclúe as seguintes actividades: Obras de construción ou rehabilitación de edificios de varias plantas, obras de urbanización e obras na rúa.
- Tarifa obras (unifamiliares).–Inclúe as seguintes actividades: Obras de construción ou rehabilitación de vivendas unifamiliares.
- Tarifa Concellos.– Inclúe as seguintes actividades: subministro de auga en alta a outros concellos, salvo convenio vixente entre as partes.

Naquelas actividades non contempladas expresamente no desglose anterior, seguiranse criterios de similitude para determinar o tipo de tarifa a aplicar.

### 8.3.B. –Facturación no caso de que non exista lectura.

- No caso de que nun bimestre non se poda toma-la lectura do abonado, existindo contador operativo, tomarase como consumo estimado a media de consumo dos anteriores bimestres.
- De non existir o dato anterior, facturarase nese bimestre o volume máximo de metros cúbicos sinalados bimestrais para o primeiro tramo de consumo no caso das tarifas industrial e de obras, segundo o cadro do apartado 8.3.A.. Para as tarifas comercial e doméstica facturarase o volume máximo de metros cúbicos sinalados bimestrais para o bloque 4, segundo o cadro do apartado

### 8.3.C–Tarifa de cano libre.

En virtude do establecido no Regulamento do Servizo, é obrigatoria a instalación de aparato medidor de consumo (contador) nas vivendas e locais comerciais e industriais, así como a súa substitución cando polo seu estado non permita a medición do consumo coas debidas garantías.

O incumprimento do citado requisito polo aboadado dará lugar á aplicación da tarifa especial para o consumo a cano libre, que se fixa para cada bimestre no triplo do volume máximo de metros cúbicos bimestrais sinalados para o primeiro tramo de consumo no caso das tarifas industrial e de obras, ao prezo vixente, segundo o cadro do apartado 8.3.A. Para as tarifas comercial e doméstica facturarase o triplo do volume máximo de metros cúbicos bimestrais sinalados para o bloque 4, segundo o cadro do apartado 8.3.A.

Así mesmo, aplicarase a tarifa especial para o consumo a cano libre nos supostos de modificación, rotura, alteración ou cambio dos contadores e os seus precintos. A tarifa de cano libre aplicarase ata que se regularice a situación polo abonado mediante a correspondente validación por EMAFESA da instalación manipulada.

### 8.3.D.–Cota de contador.

Para os contadores de 13 mm, en caso de alta ou cambio de contador, o abonado poderá decidir entre mercar o contador e pagar a correspondente cota de instalación, ou acollerse á cota mensual de contador, que inclúe o subministración, a instalación e a substitución do aparato en caso de avaría, por importe de 0,80 € mensuais que se incluírán no recibo emitido bimestralmente.

### 8.3.E.-Redución de tarifas

#### 8.3.E.a) Beneficiarios en situación de exclusión social comunicados pola Xunta de Galicia:

Ás persoas obrigadas ao pagamento e que se atopen en situación de exclusión social, conforme ao Decreto 136/2012 de 31 de maio da CCAA de Galicia polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais, artigos 25 e 26, aplicaráselles unha redución de tarifa consonte ao seguinte cadro:

Tarifa cota servizo	Tarifa cota consumo
85%	0€ para os tramos B1,B2 e B3

A aplicación desta tarifa realizarase bimestralmente á vista das resolucións administrativas ditadas pola Consellería da Xunta de Galicia competente na materia que, ou ben sexan achegadas polos interesados, ou ben sexan notificadas directamente por parte da Administración Autonómica.

#### 8.3.E.b) Familias numerosas:

As persoas obrigadas ao pagamento que teñan recoñecida polo organismo autonómico competente, a dedución na cota íntegra do canon do auga ao abeiro do disposto no artigo 24.2 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de verteduras a sistemas públicos de depuración de augas residuais,

por pertencer a unha unidade familiar que teña a condición de familia numerosa, Terán dereito a unha redución da tarifa equivalente ao 50% da tarifa prevista para consumos domésticos.

A aplicación desta redución realizarase á vista das comunicacións realizadas pola entidade “Augas de Galicia”, relativas ao concepto referido no parágrafo anterior.

#### 8.3.E.c) Incompatibilidade das reducións de tarifas:

As reducións de tarifas descritas a que se refiren os apartados 8.3.E.a) e 8.3.E.b) non resultarán compatibles entre si, polo que unicamente se poderá aplicar unha delas as facturacións correspondentes ás persoas obrigadas ao pagamento que reúnan os requisitos esixidos en ámbolos dous casos.

#### 8.4) Fianzas

O aboado, no momento de formalización do contrato, procederá a constituír, ademais das cotas e liquidacións que puideran corresponder, unha fianza consonte os seguintes importes por tarifa, que se devolverá no momento da formalización da baixa definitiva da subministración:

Tarifa industrial 1	549,32 €
Tarifa industrial 2	395,52 €
Tarifa industrial 3	197,76 €
Tarifa comercial	65,93 €
Tarifa doméstica	32,97 €
Tarifa obras (edificios):	494,39 €
Tarifa obras (unifamiliares):	164,80 €

#### 8.5) Subministración de auga a través de orelleira.

Por cada orelleira que se facilite polo servizo, pagarase, por unha soa vez e, en concepto de alugueiro, a cantidade de 65,52 € depositando unha fianza de 102,28 € para responder do seu reintegro ó servizo.

#### 8.6) Cota de verificación do contador

Ademais da posibilidade de verificación do contador polo organismo oficial facultado que se inclúe no regulamento do servizo, aqueles abonados que así o decidan poderán solicitar a verificación do seu contador por parte de EMAFESA, abonando o importe de 48,78 €.

As anteriores tarifas serán de aplicación xeral agás a aqueles organismos ou entidades cunha tarifa fixada mediante concerto expreso entre as partes.

#### Artigo 9.–Altas no servizo.

A subministración de auga potable e o uso a que se destine, solicitarase da empresa subministradora polo propietario mediante a oportuna petición de alta e formalización da póliza de aboamento, no que o interesado declarará ademais da filiación, domicilio, DNI ou CIF, fin e uso á que se destinará a auga, superficie da vivenda e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo. As peticións levarán implícito o compromiso do peticionario a cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

Os contratos ou pólizas de aboamento serán facilitadas ou cubertas gratuitamente pola oficina do servizo.

#### Artigo 10.–Recadación e modalidade de pagamento.

A recadación do importe da auga farase bimestralmente e, en xeral, mediante recibo, xirado sobre conta bancaria ou a través do ingreso nas oficinas colaboradoras.

#### Artigo 11.–Liquidación das altas e baixas de abonados por períodos mensuais.

Tanto as altas como as baixas de aboados liquidaranse por períodos dun mes, sen prexuízo de que a petición de alta ou baixa sexa atendida inmediatamente.

A solicitude de baixa non será efectiva ata o momento de corte do subministración e precintado da instalación, quedando o abonado obrigado a facilitar o acceso á súa instalación ao persoal de EMAFESA.

**Artigo 12.–Obrigacións en caso de traslado de domicilio.**

En caso de traslado de domicilio do aboadado este seguirá sendo responsable do importe do consumo de auga da vivenda que deixou se non se dá de baixa con antelación suficiente nas oficinas do servizo, sempre que se manteña a prestación do servizo e non se acredite o cambio do suxeito pasivo.

**Artigo 13.–Beneficios aplicables.**

Non poderán recoñecerse outros beneficios que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

O sistema de facturación descrito no epígrafe 8.3.B. será de aplicación no caso específico das vivendas de Recimil e San Pablo en tanto non se realicen as reformas necesarias para a súa adaptación á normativa vixente.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor, unha vez producida a súa publicación no BOP, e cando transcorra o prazo de 15 días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ferrol, 22 de xullo de 2024

A concelleira delegada de Facenda, Patrimonio.

Susana María Sanjurjo Fraga

2024/5254